

SESION EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 5 DE OUTUBRO DE 2017.-

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as catorce horas e do día cinco de outubro de 2017, reúnese en sesión extraordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente , coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

ALCALDE- PRESIDENTE

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE)

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

D^a MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D^a MARÍA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CxG-CCTT)

Non asiste don César Manuel Fernández Gil, por estar en sesión do Parlamento de Galicia, e don Celso Sotelo Barroso por estar de viaxe.

Secretario: Francisco Fernández Castro.

1.-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 7/2017 PARA ABONAR O GASTO DERIVADO EXECUCIÓN DE DÚAS SENTENCIAS XUDICIAIS (PROCEDEMENTO XUÍZO EXECUTIVO 31/1995 E PROCEDEMENTO ORDINARIO 4541/2002) QUE CONLEVAN OBRIGAS DE PAGO A CARGO DO CONCELLO .

Alcalde.- Bos días, imos escomenzar o pleno extraordinario con un único punto.É unha execución de sentenzas xudiciais que conleva un pago por importe de 46.892,3 euros.

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.7/2017, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos

Aplicación orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
Progr.	Económica			
920	226.03	1	Execución de Sentenzas xudiciais	46.892,3
			TOTAL GASTOS	46.982,3

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

Orzamento de ingresos

Económica		Núm.	Descrición	Euros
Concepto	870	1	Axuda proxectos técnicos de biomasa. Colexio de Francelos	46892,3
			TOTAL INGRESOS	46.892,3

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

D Manuel Vázquez López (CxG).- O tema xa quedou suficientemente claro na xunta de voceiros.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nos imos abster, é un tema alleo ao actual goberno e a actual corporación.

D Xacobe García Soto (BNG).- Son sentenzas xudiciais, e non hai marxe a debatir.

D Miguel García Domínguez (PP).- Nos abstemos, é unha sentenza xudicial e hai que cumprir. O que solicitamos é que esta tipo de cuestións se atendan a tempo. Nun pleno preguntamos se había sentenzas xudiciais , e se nos contestou que nada reseñable.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Agradecer a disposición de todos os grupos para que saia adiante. Nos non coñecemos os expedientes destas cuestións, hai un que ven do ano 1995. Igual sen unha sentenza xudicial non se podería pagar. Quizás o xuíz ou as empresas non axilizaron a cuestión. Se este tema se soubese antes se tería levado xa á Comisión Informativa. Hai que cumprir as sentenzas como non podía ser de outra maneira.

D Miguel García Domínguez (PP).- Eu non digo que haxa oscurantismo , o que digo é que haxa unha previsión se hai posibilidades de sentenzas desfavorables que conlevan obrigas de pago.

Alcalde.- Se deu ou se vai dar un listado dos pleitos pendentes. Eu supoño que os corporativos que no seu momento non pagaron terían as súas razóns e por iso foron ao contencioso.

Sometida a votación a proposta é aprobada co voto a prol de PSOE (5),BNG e CxG, e abstención de PP (3) e RBC.

E sendo as catorce horas e doce minutos erguese a sesión polo señor Alcalde presidente , do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO